

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62643>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

SAMPEDRO VIZCAYA, Benita e José A. LOSADA MONTERO (eds.) (2017): *Rerouting Galician Studies. Multidisciplinary interventions*. Londres: Palgrave Macmillan, 338 pp.

Este volume colectivo, editado e coordinado polos profesores Benita Sampedro Vizcaya e José A. Losada Montero, nace despois da celebración dun congreso de estudos galegos na Universidade de Wisconsin en Milwaukee e ten o obxectivo de ser unha intervención transatlántica, transnacional e multidisciplinar no eido dos estudos galegos fóra do país e progresar no diálogo galicianista en lingua inglesa. Os participantes na elaboración destas páxinas abordan Galicia como tema das súas análises desde puntos de vista e abordaxes diferentes.

Xa na introdución do volume, Sampedro e Losada especifican que non se impón unha definición única de Galicia nin dos estudos galegos, mais unha pluralidade de interrogantes posíbeis: “this volume imposes no single definition of Galicia or Galician Studies; it suggests, instead, a plurality of possible interrogations” (p. vi).

Estruturados en cinco categorías: Marcos, Rutas, Leituras, Ensinos e Visualidades, cada un dos vinte e un capítulos que compoñen este volume constitúe unha contribución distinta aos debates actuais sobre os estudos galegos no mundo académico anglófono. Os editores do volume precisan que “our role has been to create a space to engage and advance their positions”, é dicir, promover un espazo para os investigadores partillaren as súas posicións e investigacións, de tal xeito que estean interconectadas malia as inevitábeis lagoas que poidan existir en toda obra deste tipo. Cómpre destacar que a procedencia dos autores é moi diversa e iso significa que no volume se promove o diálogo entre profesores de especialidades diferentes como son a antropoloxía, o cinema, os estudos LGTBI e de xénero, a historia, a lingüística ou a literatura.

A palabra “rerouting” que aparece no título do volume refírese parcialmente a esa distancia física desde a que os autores reflicten sobre

Galicia e tamén supón unha chamada para “re-localizar” Galicia desde fóra, para revencellala espacial e conceptualmente. Na primeira parte, chamada “Frames” en inglés (Marcos), atopamos cinco capítulos sobre debates académicos actuais no mundo anglófono: os desafíos para os estudos galegos nos EUA, a visibilidade *queer* dentro dunha nova cartografía galega, os suxeitos migrantes alén do Atlántico, a paisaxe e mais a exploración dun imaxinario hidropoético na Galicia do século XIX. En opinión dos editores, estas formas de teorizar sobre Galicia son “examples of new theoretical and archival possibilities” (p. vii).

Na sección Rutas (“Routes”) temos traballos que tratan da espacialidade galega: a concepción e a creación do espazo. Por exemplo, un dos capítulos expón a reconversión da Illa de San Simón nun espazo da memoria histórica republicana. Outro capítulo reconsidera o Camiño de Santiago como unha secuencia de lugares e de non-lugares, máis alá da súa imaxe institucional e política. Por último, trátase da política de regulación do que se inclúe ou non nun sistema cultural nacional.

Os catro capítulos que compoñen a seguinte parte, “Readings” ou Leituras, introducen unha serie de estudos sobre a estruturación dos imaxinarios galegos: por exemplo, os textos de Manuel Fraga, os erros da esquerda nacionalista, unha lectura crítica e postcolonial de Castelao analizando as categorías de *colonia*, *nación* e *lingua*, un estudo da obra *O incerto señor don Hamlet* de Cunqueiro e mais unha análise da entoación empregada na TVG e o seu papel na construción dun dobre imaxinario lingüístico castelán e galego no país.

A sección “Teachings” (Ensinos) quere unir Galicia e a rexión da Appalachia en tres artigos: hai un traballo dedicado á sociolingüística na aldea galega de Ézaro e en Burton Street (Asheville, Carolina do Norte), outro sobre o

valor da novela *O monstro das palabras* de María Reimóndez e un último traballo sobre a colección de poesía ilustrada *Rosalía pequena*, de Uxía Senlle e Marina Seoane, e a súa utilización no ensino do século XXI.

A parte final do volume, “Visualities”, está composta por varios estudos relacionados coa imaxe e coas artes. O primeiro destes capítulos examina a articulación dos rexionalismos a ambos os dous lados da fronteira entre Galicia e Portugal a través da linguaxe do cinema e de expresións estéticas. O traballo sobre o audiovisual galego fala das estratexias dos estudos de animación para promover un imaxinario nacional no mercado global. Outro capítulo achégase á obra *Os comedores de patatas* de Manuel Rivas en diálogo coa pintura *The potato eaters* de Van Gogh. Por último, un

traballo sobre a historia de Sargadelos, a célebre empresa galega de porcelanas, desde o século XVIII, como exemplo de industrialización temperá.

O lector deste volume dispón dunha abundante bibliografía para continuar a profundar nos estudos galegos a partir dos traballos contidos no libro. A publicación destes traballos en inglés axuda a levar os estudos galegos a máis lectores, sobre todo nas universidades e nos campus dos Estados Unidos. Definitivamente, os galicianistas que contribúen neste volume amosan que se poden tratar temas de validez universal tomando Galicia como centro de análise.

Diego Muñoz Carrobles
Universidad Autónoma de Madrid
munozcarrobles@gmail.com